

# ENQUISA TELEFÓNICA SOBRE DIXITALIZACION DO SISTEMA EDUCATIVO

## BLOQUE A. FILTRO INICIAL

- 1. Ten fillos/as actualmente matriculados en educación non universitaria excluindo ciclos de formación profesional de grao superior que vivan habitualmente no seu fogar?**
  - Si
  - Non

*(Se responde "Non", agrádese e remátase a entrevista.)*
- 2. Cantos fillos/as escolarizados viven no fogar?**
  - 1
  - 2
  - 3
  - 4 ou máis
- 3. Para realizar esta enquisa, seleccionaremos o fillo/a escolarizado/a (criterio estándar). En que etapa está ese fillo/a?**
  - Educación Infantil (3-5 anos)
  - Educación Primaria
  - ESO
  - Bacharelato
  - FP básica
  - FP media

*(Se non hai ningún nese rango → fin)*
- 4. En que tipo de centro estuda?**
  - Público
  - Concertado
  - Privado
  - Non sabe / Prefire non responder

## BLOQUE B. DATOS INICIAIS DA PERSOA ENTREVISTADA

- 5. Para comezar, podería dicirme cantos anos ten?**  
\_\_\_\_\_ anos  Prefire non dicilo
- 6. O seu sexo é...**
  - Home
  - Muller
  - Prefire non dicilo
- 7. En que concello reside habitualmente?**  
\_\_\_\_\_

## BLOQUE C. EQUIPAMENTO DIXITAL E CONECTIVIDADE DO ALUMNADO

**8. No fogar dispoñen de conexión a internet?**

- Si
- Non *pase directamente á pregunta 10.*

**9. Como valora a conexión a internet do fogar para realizar tarefas escolares (videoclases, plataformas, envío de tarefas)?**

- Moi adecuada
- Bastante adecuada
- Pouco adecuada
- Nada adecuada
- Non sabe / Non contesta

**10. Que dispositivos dixitais ten o seu fillo/a dispoñibles no fogar para uso escolar?**

*(Resposta múltiple)*

- Ordenador propio
- Ordenador compartido coa familia
- Tablet propia
- Tablet compartida coa familia
- Móbil propio
- Móbil familiar
- Outros dispositivos (por ex. consola, lector dixital...)
- Ningún dispositivo
- Non sabe / Non contesta

**11. Cando o seu fillo/a realiza tarefas escolares con tecnoloxía (non necesariamente no fogar), que dispositivo utiliza máis habitualmente?**

- Ordenador (propio ou familiar)
- Ordenador do centro educativo
- Tablet (propia ou familiar)
- Móbil (propio ou familiar)
- Tablet do centro educativo
- Outros dispositivos
- Non realiza tarefas escolares con tecnoloxía
- Non sabe / Non contesta

**12. No fogar o seu fillo/a dispón dun espazo adecuado para estudar e usar dispositivos dixitais?**

- Si, sempre
- Si, pero compartido e con interrupcións
- Non, non dispón dun espazo adecuado
- Non sabe / Non contesta

**13. Emprega o fogar mecanismos de control parental para regular o uso de Internet por parte dos menores?**

- Si, de forma habitual  
 Si, de forma ocasional  
 Non  
 Non sabe / Non contesta

**BLOQUE D. COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO**

**14. Agora vou lerlle unha serie de afirmacións sobre as competencias dixitais do seu fillo/a. Dígame, por favor, o seu grao de acordo con cada unha delas.**

*(Escala: 1 = Moi en desacordo 2 =En desacordo 3 =De acordo, 4 = Moi de acordo 9: Non sabe)*

14.1	O meu fillo/a manexa con autonomía as ferramentas dixitais básicas	Valor_____
14.2	Sabe buscar información fiable e contrastada en internet	Valor_____
14.3	Usa correctamente as plataformas dixitais do centro (aula virtual do centro, Abalar..)	Valor_____
14.4	Organízase axeitadamente coas tarefas en formato dixital	Valor_____
14.5	O meu fillo/a sabe utilizar internet e dispositivos dixitais con seguridade (privacidade, non compartir datos, evitar contidos inapropiados)	Valor_____

**BLOQUE E. COMPETENCIA DIXITAL DAS FAMILIAS**

**15. Agora vou lerlle unha serie de afirmacións sobre as súas propias competencias dixitais como proxenitor/a. Dígame, por favor, o seu grao de acordo con cada unha delas**

*(Escala 1 = Moi en desacordo / 4 = Moi de acordo 9: Non sabe)*

15.1	Considero que teño un nivel aceptable de competencias dixitais	Valor_____
15.2	Síntome preparado/a para acompañar o meu fillo/a no uso educativo das tecnoloxías	Valor_____
15.3	As tarefas dixitais dos meus fillos resultan difíciles para min	Valor_____
15.4	Síntome capaz de axudar ao meu fillo/a a facer un uso seguro de internet (privacidade, redes sociais, contidos inapropiados)	Valor_____

## BLOQUE F. USO DAS TECNOLOXÍAS NO CENTRO EDUCATIVO

- 16. O alumnado utiliza plataformas dixitais educativas do centro (por exemplo: aula virtual do centro, Abalar..) de forma habitual?**
- Si, de maneira habitual
  - Si, de forma ocasional
  - Non (*Pasar a P18*)
  - Non sabe / Non contesta (*Pasar a P18*)
- 17. Estas plataformas úsanse para (sinale varias opcións)...**
- Envío e entrega de tarefas
  - Comunicación profesorado–alumnado
  - Contidos didácticos
  - Avaliación
  - Outro
- 18. Dende o seu punto de vista como familia, o uso que fai o profesorado das ferramentas dixitais contribúe positivamente ao proceso de aprendizaxe do alumno?**
- Moi de acordo
  - De acordo
  - En desacordo
  - Moi en desacordo
  - Non sabe / Non contesta
- 19. Considera que os recursos tecnolóxicos do centro (ordenadores, tablets, conexión, pizarra dixital, software educativo...) son suficientes para desenvolver o traballo escolar?**
- Si
  - Non
  - Non sabe / Non contesta
- 20. Con que frecuencia utiliza o alumnado tecnoloxías dixitais no centro como parte do modelo educativo do centro (proxecto dixital, metodoloxía docente)?**
- Moi frecuentemente
  - Frecuentemente
  - Ocasionalmente
  - Escasamente
  - Non sabe / Non contesta
- 21. As actividades dixitais están ben integradas co resto das tarefas escolares.**
- Moi de acordo
  - De acordo
  - En desacordo
  - Moi en desacordo
  - Non sabe / Non contesta

**22. Como valora o tempo empregado polo alumnado exclusivamente nas tarefas dixitais**

- Moito
- Adecuado
- Pouco
- Non sabe / Non contesta

## **BLOQUE G. COMUNICACIÓN DIXITAL FAMILIA-CENTRO**

**23. Como valora as aplicacións ou ferramentas de comunicación co centro educativo (ex. AbalarMobil, TokApp, web do centro...)?**

- Moi útiles
- Bastante útiles
- Pouco útiles
- Nada útiles
- Non as utiliza

**24. Ten dificultades para empregar estas aplicacións?**

- Si
- Non
- Non as utiliza

**25. Considera que a comunicación dixital mellorou a rapidez coa que recibe información do centro?**

- Si
- Non
- Non sabe / Non contesta

**26. A información que recibe do centro a través das aplicacións dixitais é clara e fácil de entender.**

- Moi de acordo
- De acordo
- En desacordo
- Moi en desacordo
- Non sabe / Non contesta

**27. Considera que recibe un número excesivo de mensaxes, avisos ou notificacións dixitais por parte do centro?**

- Si
- Non
- Non sabe / Non contesta

## BLOQUE H. PERCEPCIÓN DA EDUCACIÓN DIXITAL

**28. Desde a súa experiencia, a dixitalización educativa contribúe a...**

*(Escala 1, Nada, 2 Pouco 3, Algo, 4 Moito)*

a) Mellorar a aprendizaxe Valor\_\_\_\_\_

b) Aumentar a motivación do alumnado Valor\_\_\_\_\_

**29. Considera importante que exista unha lei que regule o emprego da tecnoloxía na educación?**

- Si
- Non
- Non sabe

**30. Desde a súa experiencia, considera que as iniciativas de dixitalización educativa están a ter un impacto positivo na competencia dixital do alumnado e, en xeral, na súa aprendizaxe?**

- Si
- Non
- Depende do centro
- Non sabe / Non contesta

**31. Considera adecuada a limitación de uso do móbil nos centros educativos?**

- Si
- Non
- Non sabe

**32. Como valora a intensidade do uso das redes sociais por parte da poboación menor de 16 anos?**

- Elevada
- Adecuada
- Baixa
- Non sabe / Non contesta

**33. Considera adecuado establecer restricións sobre o acceso ás redes sociais por parte da poboación menor de 16 anos?**

- Si
- Non
- Non sabe

**34. Considera que o modelo educativo debería empregar tecnoloxía nas aulas...**

- Non debe empregarse a tecnoloxía, só ensino analóxico
- Debe empregarse só tecnoloxía
- Debe ser híbrido, combinando recursos dixitais e non dixitais.
- Non sabe / Non contesta

## **BLOQUE I. NECESIDADES E SUXESTIÓNS**

**35. Que tipo de apoio considera máis necesario para mellorar o uso educativo das tecnoloxías?**

*(Escoller máximo 2)*

- Formación para familias
- Mellores dispositivos ou conectividade
- Menos tarefas dixitais no fogar
- Máis orientación do profesorado
- Normativa máis clara sobre o uso do móbil
- Formación en seguridade dixital (privacidade, riscos, redes sociais)
- Outros: \_\_\_\_\_

**36. Quere engadir algunha suxestión adicional?**

## **BLOQUE K. RESTO DATOS DA PERSOA ENTREVISTADA**

**37. Cal é o nivel de estudos máis alto que completou ou ten oficialmente acreditado?**

- Sen estudos
- Primaria
- Secundaria obrigatoria
- Bacharelato
- FP Básica
- FP Media
- FP Superior
- Universitario
- Prefire non dicilo

**38. Cales son aproximadamente os ingresos mensuais netos do seu fogar?**

- < 1.000 €
- 1.000 – 1.499 €
- 1.500 – 1.999 €
- 2.000 – 2.999 €
- 3.000 – 3.999 €
- ≥ 4.000 €
- Prefire non dicilo